




BOLETIN MENSUAL DA CULTURA GALEGA, ORGÃO
DA SOCIEDADE "NOS,"

Ano IV

Ourense 1 de febreiro de 1923

Nºm. 16



+ MURGUIA

MANOEL MURGUÍA

ESTE nome musical e cheo de lembranzas ten pra nós un outo simbolismo. Cando xurdíu nos tempos románticos o pirmeiro abreante da liberdade de Galiza, Murguía recolleuno na sua y-alma moza, e dempois imortalizouno nos *Precursores*. Cando nos anos mornos, longos e tristeiros da segunda mitade do século XIX, Galiza esvaiase na uniformidade artificial da vida hespañola, foi Murguía quen sosteñeu a concencia eterna da Raza e da Terra. Soupo ouvir o salayo dos piñeiraes nativos, a vos calada da Tradición, abriu o peito á esperanza, non se domeou diante de doentes xenreiras, Patriarca caxeque lexendario do Pobo Galego no camiño da sua nova Era.

Cantú escribindo *Hestórea*, fixo tanto com' os politecos e os guerreiros no rexurdenamento do pobo italián. Agustin Thierry espertou o amore dos franceses car' os galos e os francos primitivos. D' esta familia d' hestoriadores románticos e dinámicos foi Murguía. N'unha época de difizle información, chea de dificultás pr' o investigadore, soupo atopar pol-o menos as grandes vibraciós da vida primitiva de Galiza, conservadas na Tradición e na Leenda; sintiu a irmandade das Familias Céltigas aniñadas nas beiras do Atlántico; percorreu coma pudo os cons escondidos da nosa Terra, tendo por rara xuntanza, o talento analítico do erudito, e o sentimento sintético do escritor que vé a Paisaxe, a Raza e o devalar do Tempo.

Foi moi combatido, con toda clás d'armas, e por moi diferentes pulos; mais xa

na vellez, o lampo da sua vida sinxela e recollida d' ardente traballador, de grande lírico en prosa, envolviao n-unha dindade que por ninguén lle podía ser disputada. O saber, a delor, a vellez, endexamais s-axuntaron orredor d' unha testa tan venerabel.

Pr' os que traballamos pol-o rexurdir da Terra Galega, as páxinas de Murguía, van xuntas ós espertares da nosa pirmeira mocedade. Aquela prosa un pouco antiga dos *Precursores de Galicia* dos *Trovadores*, do *Arte en Santiago*, ten n-istes dias un ledo sabor, ainda fora do seu valor científico. Que ben soupo sentinel-a sonata malencónica dos seráns de chuvia outoniza, a vida mitolóxica das vendimas, a aititude dos nosos abós ollando con alma lírica a movente longura do mar!

Murguía viviu na sua y-alma e nos seus escritos a Epopeia da Raza Galega, en lembranza do que foi, e en prefiguración do que ha ser; foi o Derradeiro Precursor, e na sua vellez, tivo, coma Moisés, o consolo d' albiscal-a Terra Prometida.

As campáas da Cruña, ainda non hai moitos anos que choraron a morte de Pondal; o mesmo pranto fan hoxe por Murguía. O Hestoriador e mais o Poeta ben poden ir un a caron do outro na sagrada comunión dos Bardos: iles encarnan, na hestoria e na leenda, a y-alma épica da nosa Raza.

A dor que Galiza sinte pol-a morte do Mestre, síntea NÓS d' un xeito fondo e punxente.